



Profesorado técnico de FP

Solicitamos saber se hai algunha información por parte do Ministerio en canto ao proceso de integración deste profesorado no corpo A1 e o futuro do corpo a extinguir

[Non teñen novidade algunha.](#)

Limitación no acceso á baremación das listaxes

Solicitamos que estes baremos volvan ser públicos, tal e como eran até o de agora.

[Este cambio foi debido a unha denuncia pola protección de datos. Só poderán acceder as persoas que participen na apertura de listas.](#)

Vacunación

Demandamos que se nos proporcionen datos exactos do profesorado que quedou sen vacinar e os motivos: incidencias, maiores de 65 anos, porcentaxe de docentes que rexeitaron vacinarse...

[Van remitirnos estes datos.](#)

Propomos que desde Educación se lle propoña a Saúde Pública algunha solución para que non coincida a vacinación da segunda dose (se é que existe) e o período de oposicións, retrasando a súa administración sempre que Saúde Pública o acepte.

[Están de acordo e trasladarán a nosa proposta e supeditan todo aos propios prazos de Sanidade.](#)

Listados oposicións.

Volvemos insistir na publicación dos listados do persoal admitido nas oposicións.

[A finais desta semana ou comezos da seguinte teñen pensado publicar.](#)

Tribunais oposicións

Exención para participar nos tribunais se os dous membros dunha parella con fillos son escollidos no sorteo.

[Non o aceptan, poderían valoralo para outro ano, pero este ano é imposible dado o número de tribunais.](#)

Proceso de cátedras de secundaria.

Non houbo máis novidades desde a última Mesa. Cando se van nomear os tribunais?

[O sorteo vai ser posterior ao das oposicións \(día 29 de abril\) e quen saia nomeado para os tribunais das oposicións xa non irá aos tribunais de cátedras.](#)

Incumprimento da Consellaría nas súas obrigas en materia de saúde laboral novamente

Así se constatou na reunión coa Inspección de Traballo ao respecto das avaliacións de riscos dos centros previstas na Lei de Prevención de Riscos laborais a raíz da denuncia presentada pola CIG. **Vai a Consellaría a realizar estas avaliacións de risco? Cando?**

[Están negociando un contrato para facer as avaliacións de todos os centros docentes. O plan é que en catro anos estean feitas todas as avaliacións, mais aclaran que aínda non saben cando se publicará este concurso.](#)

A Consellaría de Educación limita o dereito do profesorado á redución de xornada por garda legal para coidado de fillos e fillas

A medida únese á decisión de non conceder permisos sen soldo e **incluso excedencias** ante a inacción da administración para abrir listas de substitucións en varias especialidades.

A medida de restrinxir o dereito a goza dunha redución de xornada para o coidado dunha menor ou maior a cargo **supón unha violación dos dereitos do profesorado** a quen, como ao conxunto das empregadas e empregados públicos, non se lle fixa ningún tipo de condición ou informe previo do seu centro de destino para poder exercer o dereito a reducir a súa xornada e o seu salario para atender unha crianza ou unha persoa maior a cargo.

A CIG-Ensino vén de dirixir lle un escrito á Dirección Xeral na que lle solicitamos:

- 1. Que se levante a restrición á concesión de reducións de xornada por garda legal** ou calquera outro permiso ou redución non vinculada coas necesidades do servizo na normativa legal en vigor.

- 2. Que se abran todas as listaxes** que sexan precisas para evitar a discriminación daquel profesorado que non vai poder optar a un permiso sen soldo pola falta de dilixencia da Administración.

Non teñen persoal nas listaxes e pensan que aínda que abran listaxes nalgunha especialidade non terían xente. Afirman que tentarán analizar os casos para ver se poden cubrir algúns permisos e reducións, mesmo en especialidades nas que xa anunciaron que non o farían e valorarán abrir algunha listaxe pero insisten en que aínda así non terán persoal nas listas para cubrir estas vacantes.

HAI OUTROS TEMAS QUE A CIG-ENSINO TIÑA PREVISTO TRATAR EN VARIOS MAIS QUE AO SE TRASLADAR O DEBATE DO CALENDARIO ESCOLAR PARA MAÑÁ SERÁ COA PRESENZA DO SECRETARIO XERAL DE EDUCACIÓN E FP CANDO O FAGAMOS.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal